

Informe de calidade dos estudos de doutoramento

Curso 2022/2023

O obxecto deste informe é analizar e avaliar a calidade dos estudos de doutoramento da Universidade de Santiago de Compostela de acordo co Regulamento de estudos de doutoramento da Universidade de Santiago de Compostela do 8 de setembro do 2020 durante o curso 2022/2023. Para cursos anteriores, pódese consultar os informes precedentes no sitio web da Escola de doutoramento Internacional da USC (EDIUS).

Este informe estrutúrase en varios capítulos. No capítulo 1, en primeiro lugar preséntanse e avalíanse os datos sobre a actividade académica da EDIUS, tales como oferta de prazas de doutoramento, persoas doutorandas matriculadas, etc. (punto 1.1). O segundo punto deste capítulo (punto 1.2) dedícase á avaliación da oferta de actividades formativas ofrecidas aos estudantes de doutoramento para o curso 2022/2023. O seguinte punto (punto 1.3) dedícase a aspectos de mobilidade e internacionalización. No punto 1.4 recómpilase información e avalíase ao persoal académico dos programas de doutoramento. No punto 1.5 preséntanse os resultados da formación (teses defendidas, idioma de tese, duración dos estudos, etc.). Para rematar co capítulo 1, no punto 1.6 preséntanse os resultados das enquisas de satisfacción dos grupos de interese (estudiantado, profesorado e persoal de administración e servizos).

O capítulo 2 dedícase á parte de xestión da calidade, incluíndo as valoracións e recomendacións dirixidas ás comisións académicas dos programas de doutoramento por parte da ACSUG. No capítulo 3, preséntase a proposta de accións de mellora e recomendacións para mellorar a calidade dos estudos de doutoramento da USC.

Finalmente, nos capítulos 4 e 5 inclúese información sobre fontes de información utilizadas e datos de aprobación do informe.

1. Análise dos indicadores globais da calidade dos estudos de doutoramento no seu conxunto e por ramas de coñecemento¹

Os datos globais dos indicadores no curso 2022/23 da oferta e demanda de prazas, estudantes matriculados de novo ingreso e outros indicadores relativos á admisión, persoal académico, resultados, etc., están dispoñibles por programa de doutoramento no sitio web da EDIUS e no sitio web da Área de Calidade e Mellora de Procedementos da USC nas seguintes ligazóns:

<https://www.usc.gal/gl/centro/escola-doutoramento-internacional-usc/calidade/indicadores>
<https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/calidade/docencia/acreditaciontit>

¹ As definicións dos indicadores están dispoñibles no anexo I ao final deste informe.

1.1. Análise dos procesos de acceso, admisión e matrícula nos estudos de doutoramento da USC

Neste curso 2022/23 ofertáronse un total de 56 programas de doutoramento, agrupados en cinco ramas de coñecemento: Artes e Humanidades (11), Ciencias Sociais e Xurídicas (14), Ciencias da Saúde (13), Ciencias (11) e Enxeñaría e Arquitectura (7), cunha oferta global de 857 prazas para estudantado de novo ingreso (Táboa 1). A información sobre cada un dos 56 programas de doutoramento proporciónase na páxina web oficial de titulacións da USC (<https://www.usc.gal/gl/estudos/doutoramentos>). A oferta e demanda por ramas de coñecemento deste curso académico 2022/23 preséntase na Táboa 1 e a súa evolución nos últimos cinco anos pode verse na Figura 1.

Táboa 1. Oferta e demanda de prazas de novo ingreso nos programas de doutoramento no curso académico 2022/2023

Oferta e demanda curso 2022/2023						
Concepto	Total	Artes e Humanidades	Ciencias Sociais e Xurídicas	Ciencias da Saúde	Ciencias	Enxeñaría e Arquitectura
Prazas ofertadas (ID-01)	847	150	175	229	202	91
Demanda (ID-02)	1139	196	417	283	161	82

Neste curso académico 2022/23, como se observa na Figura 1, decreceu moi lixeiramente a oferta global de prazas de doutoramento, un 0,9 % con respecto ao curso 2021/22. Comezaron a impartirse tres novos programas de doutoramento: o programa de doutoramento en Matemáticas e Aplicacións, e o programa de doutoramento en Relacións Laborais e Recursos Humanos, unha vez cumpridos todos os trámites de verificación, aprobación e autorización destes, máis o programa de doutoramento en Ciencias Sociais e Envellecemento, que pospuxo o seu comezo tamén para este curso académico. Por outra banda, o programa de doutoramento en Xestión Sustentable da Terra e o Territorio comezou neste curso 2022/23 o seu proceso de extinción ante a súa escasa demanda nos últimos anos, o importante solapamento das súas liñas de investigacións coas existentes noutros programas de doutoramento e as recomendacións recibidas no seu informe final de acreditación.




Figura 1. Oferta (esquerda) e demanda (dereita) de prazas por gran área

En canto á demanda para a realización dos estudos de doutoramento na USC mantense practicamente nos mesmos valores con respecto ao curso pasado, incrementándose nun 0,2 %, Figura 1. Globalmente a demanda é superior á oferta nun 34,5%. Se nos centramos na análise da oferta e a demanda por ramas de coñecemento obsérvase que a demanda é superior á oferta nun 30,7 % en Artes e Humanidades, nun 138,3 % en Ciencias Sociais e Xurídicas e nun 23,6% en Ciencias da Saúde. Existe pois un exceso de demanda, sobre todo na área en Ciencias Sociais e Xurídicas, sendo necesario unha avaliación en detalle da situación dos seus programas. Doutra banda, a demanda é inferior á oferta nun 9,9 % en Enxeñaría e Arquitectura e nun 20,3 % en Ciencias. Nestas últimas dúas ramas pode considerarse un pequeno exceso, pero sendo adecuada á oferta.

Na Táboa 2 preséntase información da matrícula de novo ingreso neste curso académico 2022/23. A evolución de matrícula de novo ingreso nos últimos seis cursos comparada coa oferta e a demanda de prazas pode verse na Figura 2. En todos estes anos, a matrícula de novo ingreso foi inferior á oferta en todas as ramas de coñecemento, cunha pequena diminución do 3,6 % dos matriculados totais de novo ingreso con respecto ao curso pasado. Matriculáronse 568 estudantes das 1.142 demandas presentadas e das 847 prazas ofertadas, isto é, o 49,7 % dos que demandaron en primeira instancia ser admitidos nun programa, cubríndose así o 67,1 % das prazas ofertadas. Móstrase unha tendencia en ascenso da demanda desde o curso 2018/19, moi semellante nos últimos dous cursos. Por outra banda, en canto á evolución do número de prazas ofertadas, vemos que esta mantense case constante nos últimos anos. Por último, o número de novas persoas matriculadas por ramas con respecto ao curso anterior experimentaron un pequeno aumento en Ciencias Sociais e Xurídicas (4,2 %) e Enxeñaría e Arquitectura (2,2 %) fronte a pequena diminución nas áreas de Artes e Humanidades (11,6 %), de Ciencias (8,1 %) e na área de Ciencias da Saúde (2,9 %). É importante observar se esta tendencia á baixa continúa nos próximos anos e, nese caso, investigar as causas e propoñer accións de mellora.

Táboa 2. Estudantes de novo ingreso nos programas de doutoramento no curso académico 2022/2023

Estudantes de novo ingreso curso 2022/2023						
Concepto	Total Porcentaxe	Artes e Humanidades	Ciencias Sociais e Xurídicas	Ciencias da Saúde	Ciencias	Enxeñaría e Arquitectura
Matrícula de novo ingreso (ID-03)	568	107	145	168	102	46
Matrícula de novo ingreso de estudantes por xénero (H/M)	H	53	72	58	64	33
	M	54	73	110	38	13
Matrícula novos visitantes	50	10	10	15	7	8
Porcentaxe de estudantes de novo ingreso procedentes de estudos de Máster (ID-07)	41,5	40,2	32,4	47,6	51,9	28,3
Porcentaxe de estudantes novos estranxeiros sobre os novos matriculados (ID-08)	34,3	35,5	48,3	19,0	31,4	50,0
Porcentaxe de estudantes de novo ingreso que requiriron complementos formativos (ID-13)	10,0	5,6	23,1	5,4	19,6	0,0




Figura 2. Evolución da oferta, demanda e nova matrícula nos últimos seis anos

Na Figura 3 móstrase a distribución do novo estudiantado matriculado por área de coñecemento desde a perspectiva de xénero para o curso académico 2022/23. Pódese observar que o número de mulleres supera lixeiramente ao de homes cun 50,7 %, mostrando un equilibrio notable na matrícula dos programas de doutoramento en canto á perspectiva de xénero. Ao avaliar as ramas individualmente, nas áreas de Ciencias da Saúde, Artes e Humanidades e Ciencias Sociais e Xurídicas o número de mulleres é superior ao número de homes cun 65,5 %, 50,5 % e 50,3 % respectivamente. Con todo, nas restantes áreas do coñecemento, o número de homes é superior ao de mulleres, sendo en Enxeñaría e Arquitectura un 71,1 % e Ciencias un 62,7 %.




Figura 3. Estudiantes de doutoramento de nova matrícula no curso 2022/23 desde a perspectiva de xénero

En relación á orixe dos novos estudantes, un número significativo provén de programas de máster de diversas universidades do sistema español (Táboa 2). Porén, non se conta con datos que permitan identificar cales proveñen do SUG (Sistema Universitario de Galicia) e cales doutras universidades nacionais. En total, o estudiantado que provén de estudos de máster representa un 41,5 % neste curso académico. O número de estudantes procedentes de titulacións baixo o réxime do RD 1393/2007 é minoritario. Do mesmo xeito que en cursos anteriores, destaca a elevada porcentaxe de estudantes estranxeiros que se matriculan nos programas de doutoramento da USC, representando un 34,3 % dos novos matriculados, que deben solicitar a equivalencia do seu título.

Segundo se pode observar na Táboa 2, as ramas con maior porcentaxe de estranxeiros matriculados son as de Ciencias Sociais e Xurídicas cun 48,3 %, Enxeñaría e Arquitectura cun 50,0 %, e Ciencias cun 31,4 %, sendo a procedencia deste estudantado moi diversa. No caso da primeira destas áreas, proceden principalmente de universidades de Iberoamérica e Portugal, mentres que na segunda e terceira, a procedencia é principalmente de Asia e Iberoamérica, respectivamente.

A porcentaxe de estudantes novos matriculados que requiriron realizar complementos de formación é notablemente baixo, un 10 % (Táboa 2). Esta situación suxire un aspecto positivo en canto á congruencia entre os coñecementos adquiridos durante a formación previa do estudantado e os requisitos do programa de doutoramento. A escasa necesidade de complementos de formación pode interpretarse como un indicador da efectividade do proceso de selección de estudantes, así como da adecuación dos contidos e requisitos dos programas ás competencias e habilidades previamente desenvolvidas polas persoas candidatas.

En canto ao número total de estudantes matriculados nos programas de doutoramento da USC no curso 2022/2023 (Táboa 3), este ascende a un total de 2.556 estudantes de doutoramento con matrícula ordinaria, máis 64 de estadía, o que fai un total de 2.620. Deste número, 618 estudantes foron de primeira matrícula. Na Figura 4 preséntase a evolución de matrícula total nos últimos sete cursos, na que pode observarse un pequeno descenso continuado da matrícula nos programas de doutoramento consecuencia do incremento experimentado na defensa das teses nos últimos anos, mais manténdose en termos similares a anos anteriores as persoas doutorandas de primeira matrícula. Por ramas de coñecemento (Figura 4 dereita), as matrículas en programas de doutoramento de Ciencias da Saúde e Ciencias e Enxeñarías son as que tiveron máis estudantado con matrícula ordinaria, con 826 e 644 respectivamente, mentres que as áreas de Ciencias Sociais e Xurídicas (604) e de Artes e Humanidades (482) experimentaron un moi leve descenso respecto do curso académico anterior, confirmando a tendencia observada.

Táboa 3. Estudantes matriculados nos programas de doutoramento no curso académico 2022/2023

Total de estudantes matriculados curso 2022/2023						
Concepto	Total Porcentaxe	Artes e Humanidades	Ciencias Sociais e Xurídicas	Ciencias da Saúde	Ciencias	Enxeñaría e Arquitectura
Matrícula total de estudantes (ID-06)	2.556	482	604	826	438	206
Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre o total de matriculados (ID-10)	32,3	25,3	42,9	27,6	24,1	35,4
Porcentaxe de estudantes estranxeiros do EES (ID-12)	9,3	9,9	14,8	6,9	5,0	10,7
Porcentaxe de estudantes a tempo completo (ID-14)	56,4	55,5	43,8	50,9	76,4	66,5
Porcentaxe de estudantes a tempo parcial (ID-15)	17,4	15,5	21,2	20,8	6,6	11,2
Porcentaxe de estudantes con dedicación mixta (ID-16)	26,2	28,4	34,3	28,9	10,1	22,3
Porcentaxe de estudantes con beca ou contrato predoutoral (FPI, FPU, Xunta,...) (ID-21)	35,3	33,3	31,3	31,3	46,8	42,8




Figura 4. Evolución do número de estudantes matriculados por curso académico (esquerda) e rama de coñecemento (dereita)

Por outra banda, a proporción de estudantes de doutoramento estranxeiros continuou o seu avance superada a pandemia da COVID-19, sumando xa 825 estudantes, 16 máis que no curso anterior, o que representa xa o 32,3 % do total do estudiantado de doutoramento matriculado. Isto converte á EDIUS no centro con maior presenza deste estudiantado na USC. Tamén é moi positivo que a proporción de estudantes estranxeiros estea ben por enriba da media española, que é do 25% aproximadamente² (Táboa 3 e Figura 5).

Entre o estudiantado estranxeiro o grupo máis numeroso é o orixinario de Portugal (151 estudantes), seguido do de Ecuador (74), Brasil (63), Colombia (45), México (44), Xordania (27), Italia (22) e China (22). O estudiantado estranxeiro cursa sobre todo programas das ramas de Ciencias Sociais e Xurídicas e de Ciencias e Enxeñaría. No primeiro caso procede fundamentalmente de Portugal e Iberoamérica mentres que no segundo a procedencia é máis diversa xa que depende das relacións e convenios internacionais dos programas de doutoramento.




Figura 5. Procedencia das persoas doutorandas matriculados

² Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades. UNIVBASE. Estadística de Tesis Doctorales (ETD). Recuperado de: <https://www.universidades.gob.es/estadistica-de-tesis-doctorales-etd>

Os datos do tipo de dedicación (Figura 6) do estudantado indican que no curso 2022/2023 un 56,4 % realizaban os seus estudos de doutoramento a tempo completo (1.442 estudantes) e o 17,4 % a tempo parcial (445), mentres que o resto mantiña unha dedicación de tipo mixto (669, 26,2 %), situándose o tempo de duración medio dos estudos de doutoramento en catro anos e cinco meses. É unha lixeira redución respecto do curso anterior. No cómputo está incluído o estudantado a tempo completo e parcial, de aí a duración relativamente longa para cursar con éxito os estudos de doutoramento. Ademais, nesta Figura 6 (esquerda) pódese observar un incremento neste curso académico no número de estudantes que nalgún momento estiveron con dedicación a tempo parcial, probablemente consecuencia da activación dun novo proceso de extracción de datos que permite coñecer exactamente se un estudante desfrutou nalgún momento de dedicación a tempo parcial, contrariamente a como se obtiñan previamente os datos, adquirindo unha “foto fixa” da dedicación das persoas doutorandas nun momento concreto.

Na Figura 6 (dereita) preséntase para este curso 2022/23 a distribución do estudantado a tempo parcial por rama de coñecemento, sendo os valores moi similares aos cursos anteriores, cunha porcentaxe maior nas ramas de Ciencias Sociais e Xurídicas, e Ciencias da Saúde, cun 21,2 % e un 20,8 % respectivamente, e, no polo oposto, as menores porcentaxes nas ramas de Ciencias e de Enxeñaría e Arquitectura cun 6,6 % e un 11,2 % respectivamente.

Neste informe non debemos deixar de recalcar que a modalidade a tempo parcial comporta certos riscos, como maiores dificultades no cumprimento das actividades formativas, realización de estadias, ou dos complementos formativos, ademais de riscos doutro tipo como unha dedicación á tese moi dependente das condicións laborais ás veces cambiantes, que poden propiciar incluso o abandono dos estudos de doutoramento. Desde a EDIUS segue poñéndose moita énfase en que as persoas doutorandas elixan con coidado a modalidade de dedicación, especialmente as que fan a tese sen financiamento e combinándoa con outra actividade. Para este grupo semella máis indicada a modalidade a tempo parcial, sempre e cando cumpran os requisitos establecidos para iso no Regulamento de Estudos de Doutoramento, xa que actualmente lles permite facer a tese en cinco anos (máis a posibilidade das prórrogas contempladas no RD 99/2011).




Figura 6. Evolución da realización dos estudos de doutoramento a tempo completo e a tempo parcial (esquerda) e porcentaxe de matriculados a tempo parcial no curso 2022/23 por rama (dereita)

A porcentaxe de persoas doutorandas con bolsa ou contrato predoutoral é do 35,3 %, aínda que se observa unha pequena disparidade entre ramas de coñecemento (véxanse Figura 7 e Táboa 3), sendo moi similares ao ano anterior. As ramas de Ciencias e Enxeñaría e Arquitectura suma o maior número de estudantes con bolsa ou contrato, cun 42,8 % e 46,8 % respectivamente. No polo oposto, as menores porcentaxes danse nas ramas de Ciencias da Saúde (31,3 %), probablemente influenciada polo importante número de médicos residentes que fai a tese de doutoramento. As ramas de Artes e Humanidades e Ciencias Sociais e Xurídicas presentan unha porcentaxe en torno ao 33,3 % e o 31,3 % respectivamente, que podería relacionarse co escaso financiamento que obteñen as persoas doutorandas a través de bolsas e contratos competitivos, ademais da existencia de programas con alta porcentaxe de estudantes matriculados que compatibilizan os estudos de doutoramento coas súas profesións, entre outros motivos. Pode apreciarse unha relación entre a porcentaxe de estudantado a tempo parcial e a porcentaxe de estudantado con beca ou contrato predoutoral (Figura 6 dereita e Figura 7), coincidindo as ramas con maior porcentaxe de estudantado a tempo parcial con aquelas con menor porcentaxe de bolsas ou contratos predoutorais.




Figura 7. Porcentaxe de estudantes con bolsa ou contrato predoutoral

Á vista dos datos presentados conclúese que os procesos de acceso, admisión e matrícula son adecuados, cunha oferta dos estudos de doutoramento da USC que parece ser atractiva na actualidade.

Por último, indicar que se poden consultar máis datos e cifras do Sistema Universitario Español 2022-2023 do Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades, dispoñible en: <https://www.universidades.gob.es/publicaciones-e-informes>.

1.2. Planificación e calidade das actividades de formación transversais ofrecidas ás persoas doutorandas

A oferta de actividades transversais da EDIUS, tanto as xerais como aquelas máis dirixidas a unha área de coñecemento en concreto, enfócase a facilitar ao estudantado a adquisición das competencias, habilidades e destrezas necesarias para participar de xeito activo na sociedade do coñecemento e desenvolverse con éxito nun mercado de traballo complexo e cambiante.

Durante o curso académico 2022/23 ampliouse significativamente a oferta de actividades transversais chegando ás 46, das cales 21 foron ofertadas por primeira vez neste curso, con máis de 500 horas de formación complementaria en todos os eidos e ampliando a formación ofertada coa inauguración dun novo módulo dedicado á adquisición de competencias relacionadas co emprego.

O total de prazas ofertadas de actividades formativas transversais no curso 2022/23 foi de 1.316, que tiveron unha demanda de participación por parte do estudantado de 911 prazas, quedando en lista de espera un total de 122 solicitudes. O total de estudantes que asistiron ás actividades formativas ofertadas neste curso foi de 789. Como era de esperar, hai cursos con maior demanda que oferta e viceversa, sendo o número de estudantes que queda na lista de espera sen poder asistir á actividade formativa seleccionada en xeral moi pequeno (Figura 8). Así, a porcentaxe de estudantes que participaron en actividades formativas transversais é do 30,9 % (matricula nas actividades formativas/total de persoas matriculadas nos programas de doutoramento). Esta cifra é lixeiramente inferior á do curso anterior, tal como se pode observar na Figura 8.

A evolución da oferta, demanda, matrícula e lista de agarda nas actividades formativas da EDIUS pode verse na Figura 8. A oferta detallada das actividades formativas pode consultarse na páxina web da EDIUS (<https://www.usc.gal/gl/centro/escola-doutoramento-internacional-usc/historico-actividades>). Revisando as cifras da evolución da matrícula e a demanda das actividades formativas vese que nos últimos dous anos a demanda sofre unha lixeira baixada, podendo ser debida a que os estudantes xa fixeron a actividade formativa noutro curso académico. Na Figura 8 obsérvase un pico no curso 2020/2021, que é cando se empezaron a impartir o maior número destas novas actividades formativas. A porcentaxe do estudantado que solicita unha actividade formativa e non pode facela por falta de prazas en todos os cursos académicos avaliados é moi baixa. Cabe mencionar que a información do número de estudantes de doutoramento que participaron en cada actividade formativa está recollida na Memoria Anual da EDIUS correspondente ao curso 2022/2023, mais non se dispón de información de participación do alumnado por ramas de coñecemento.




Figura 8. Evolución da oferta, demanda, matrícula e lista de garda das actividades formativas transversais: porcentaxe de estudantes (esquerda) e número de prazas (dereita)

Tendo en conta o feito de que as actividades transversais non son obrigatorias en moitos dos programas, pódese considerar que a aceptación é satisfactoria, aínda que é evidente que hai unha marxe de mellora. Percíbese que o estudantado de doutoramento atopa unha oferta de actividades formativas estable e ben organizada que cada vez lles resulta máis atractiva. Doutra banda, nalgúns programas

interuniversitarios recoñécense dificultades para asistir ás actividades formativas desde outras universidades ademais da necesidade de unificar a oferta destas. En xeral, e de acordo cos informes da ACSUG dos programas de doutoramento, os esforzos da Escola de Doutoramento orientados á mellora na planificación e organización destas actividades son cada vez máis apreciados. É tamén conveniente salientar que a planificación e organización das actividades formativas é dinámica, incorporándose cada ano cambios e melloras. Así, a oferta cada vez inclúe máis actividades non presenciais ou máis actividades no Campus Terra. É importante tamén sinalar que todas as actividades ofertadas son gratuítas para o estudantado de doutoramento, xa que son financiadas co presuposto da EDIUS.

Ademais, indicar que desde o curso 2020/2021, as actividades formativas transversais pasaron tamén a ser recoñecidas como cursos de innovación e formación docente (PFID), e que o estudantado con contratos predoutoriais obtidos por convocatoria competitiva tamén puido ter acceso aos cursos ofertados ao Persoal Docente e Investigador (PDI) a través do Programa de Formación e Innovación Docente (PFID) da USC (<https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/xestionpersoal/formacion/PFID>).

Por outra banda, a EDIUS oferta actividades formativas específicas por rama de coñecemento realizadas anteriormente por algún programa de doutoramento para o seu estudantado e que despertaron un elevado interese no doutros programas. Como consecuencia, desde a EDIUS decidíronse ofertar tamén para todo o estudantado dunha determinada gran área de coñecemento. No curso 2022/2023 ofertáronse, deste xeito, oito seminarios na área de Ciencias e Enxeñarías, dous na área de Ciencias da Saúde, e tres na área de Artes e Humanidades xunto coa de Ciencias Sociais e Xurídicas. Ademais, á oferta de actividades transversais e específicas da EDIUS hai que engadir as actividades específicas organizadas polos propios programas e institutos de investigación, entre as que se atopan xornadas e seminarios de persoas doutorandas, ciclos de seminarios e conferencias etc.

En canto á calidade da oferta das actividades formativas, hai que indicar que o grao de satisfacción global do estudantado e das persoas directoras de teses é elevado, aínda que polo momento non se implantou a realización de enquisas específicas en todas as actividades de xeito sistematizado para poder cuantificalo por actividade. Espérase que para o curso 2023/2024 poida levarse a cabo a avaliación do grao de satisfacción do estudantado de forma cuantificada con enquisas por actividade. No informe de satisfacción do estudantado dos programas de doutoramento relacionados con este apartado, a pregunta 30: “A oferta formativa do programa (cursos, seminarios, etc. obrigatorios e/ou complementarios é de interese e de calidade”) reflicte unha media de 3.91 (sobre 5) en canto á calidade das actividades de formación, sendo este resultado lixeiramente superior ao rexistrado o curso anterior (3.38). Por outra banda, no informe de satisfacción das persoas titoras e directoras á pregunta sobre a oferta, planificación e organización de actividades formativas (pregunta 2: “Oferta, planificación e organización das actividades formativas (seminarios, cursos, congresos, xornadas”) alcanza unha puntuación de 3.97 (sobre 5), sendo un apartado ben valorado cun resultado moi similar nos dous últimos anos. A evolución dos resultados na valoración das actividades formativas pode verse na Figura 9, e no apartado 1.6 deste informe poden verse con máis detalle os resultados das enquisas de satisfacción dos grupos de interese.




Figura 9. Evolución da valoración da oferta, planificación e organización das actividades formativas

Ademais, cabe tamén destacar outras actividades formativas que a EDIUS leva realizando nos últimos anos de forma regular e teñen moi boa acollida por parte do estudiantado e do profesorado como o X Encontro da mocidade investigadora (realizado os días 12 e 13 de xuño do 2023), o concurso “Teses en 3 minutos (3MT)” e o concurso “A túa tese nun fío de Twitter”.

Por último, durante este curso académico 2022/2023 a EDIUS tamén seguiu a ofertar un pequeno número de actividades de formación destinadas ao profesorado dos programas de doutoramento e, en particular, para persoas titoras e directoras de tese, focalizadas en aspectos asociados á xestión dos recursos e equipos de traballo e á elaboración de materiais e contidos dixitais para a docencia e investigación. A intención da Escola é ampliar esta oferta nos vindeiros cursos académicos, incluíndo nova formación sobre propiedade intelectual en grupos de traballo, xestión e resolución de conflitos, xestión do tempo e do estrés, etc.

1.3. Internacionalización e Mobilidade

A EDIUS segue a desenvolver un intenso labor para favorecer a internacionalización dos estudos de doutoramento, un dos seus obxectivos principais. Isto reflíctese, en primeiro lugar, no xa comentado aumento do número de estudantes procedentes de países estranxeiros (Figura 5 e Táboas 2 e 3).

A realización de estadías en centros de investigación estranxeiros é unha importante vía de internacionalización para a EDIUS. Por iso paga a pena salientar o aumento notable das teses con mención internacional no título de Doutora ou Doutor (Táboa 4). Como é coñecido, para conseguir esta mención as persoas doutorandas deben realizar unha estancia mínima de tres meses fóra de España nunha institución de ensinanza superior ou centro de investigación de prestixio, cursando estudos ou realizando traballos de investigación. Ademais, a tese deberá ser informada por un mínimo de dous expertos de institucións académicas non españolas e deberá contar con algún membro experto estranxeiro no tribunal que a xulgue. O 4,2 % dos estudantes realizaron estancias de investigación autorizadas pola CAPD neste curso académico. Os datos poden verse na Táboa 5. A rama de Artes e Humanidades (5,5 %) é a que maiores valores presenta, seguida das ramas de Ciencias (5,4 %), Ciencias da Saúde (4,9 %) e Enxeñaría e Arquitectura (4,8 %). Moi lonxe queda a rama de Ciencias Sociais e Xurídicas, cun 1,0 % de estudantes dos programas que realizaron estadías de investigación. Os valores tan baixos débense a que este indicador computa o número de estudantes de investigación que realizan estancias de investigación sobre o número

total de estudantes a tempo completo. Os estudantes realizan unha única estancia de investigación durante os seus estudos de doutoramento, co que o indicador non está ben definido xa que debería computar en realidade o número de estudantes que realizan estancias de investigación durante o seu doutoramento e os que non as realizan. No informe de satisfacción dos estudantes co doutoramento, non se lles pregunta sobre a utilidade destas estancias, aínda que sen dúbida este tipo de actividades está moi ben valorada entre os estudantes.

Táboa 4. Teses con mención internacional defendidas na USC

Curso	Total	Artes e Humanidades	Ciencias da Saúde	Ciencias Sociais e Xurídicas	Ciencias e Enxeñarías
2016/17	44	7	10	8	18
2017/18	77	9	21	8	39
2018/19	100	15	21	14	50
2019/20	107	28	26	13	40
2020/21	105	18	32	18	37
2021/22	123	20	35	17	51
2022/23	131	24	42	14	62

Por outra banda, e non menos importante para a internacionalización dos estudos de doutoramento, atópanse os estudantes que participan en programas de mobilidade (entrantes) e realizan estadias na USC provenientes de universidades estranxeiras onde levan a cabo os seus estudos de doutoramento, que representan un 5,3 % (Táboa 5). Como no caso anterior, os valores son baixos, xa que este indicador computa o número de estudantes que realizan estancias de investigación sobre o número total de estudantes a tempo completo.

Táboa 5. Estudantes que realizan estancias de investigación autorizadas pola CAPD no curso académico 2022/2023

Concepto	Total	Artes e Humanidades	Ciencias Sociais e Xurídicas	Ciencias da Saúde	Ciencias	Enxeñaría e Arquitectura
Porcentaxe de estudantes que realizan estadias de investigación (saíntes) autorizadas por la CAPD (ID-17)	4,2	5,5	1,0	4,9	5,4	4,8
Porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade (entrantes) (ID-19)	5,3	4,6	5,8	6,7	1,9	7,5

Esta crecente internacionalización da Escola tamén se reflicte no incremento do número de persoas investigadoras estranxeiras que dirixen teses ou que forman parte dos tribunais para a súa defensa (Táboa 6).

Táboa 6. Evolución do número de persoas directoras de teses e de persoal experto estranxeiro en tribunais de teses

Curso académico	Persoas directoras de teses ¹	Porcentaxe de persoas directoras de tese estranxeiras	Número de persoas expertas estranxeiras	Porcentaxe de persoal experto estranxeiro ²
2016/17	345	7,25	65	18,2
2017/18	478	7,74	117	18,7
2018/19	727	8,94	174	19,5
2019/20	1008	9,03	121	15,5
2020/21	1267	9,39	176	17,8
2021/22	1564	11,06	179	16,6
2022/23	1562	12,93	191	18,9

¹Calculado sen considerar se se dirixe a máis dunha persoa doutoranda.

²Calculado sobre o número total de membros de tribunais.

Outro elemento básico de promoción da internacionalización son as teses en cotutela. Desafortunadamente, neste curso 2022/2023 non se defendeu ningunha tese nesta modalidade, o que supón un claro retroceso respecto a cursos anteriores. A Táboa 6 amosa a evolución do número de teses defendidas na modalidade de cotutela desde o curso 2016/2017.

Táboa 7. Evolución das teses defendidas na USC en cotutela.

Curso	Total	Artes e Humanidades	Ciencias da Saúde	Ciencias Sociais e Xurídicas	Ciencias e Enxeñarías
2016/17	0	0	0	0	0
2017/18	2	0	2	0	0
2018/19	2	1	1	0	0
2019/20	2	1	1	0	0
2020/21	8	1	3	0	4
2021/22	5	3	0	2	0
2022/23	0	0	0	0	0

Con todo o indicado considérase que queda demostrado o alto nivel de internacionalización dos programas de doutoramento e o esforzo realizado para iso nestes últimos anos.

1.4. Recursos humanos

1.4.1. Persoal académico

Antes de analizar os datos correspondentes ao persoal académico é necesario sinalar que hai persoas directoras e titoras colaborando en máis dun programa de doutoramento. Á hora de tratar a información e contabilizar totais, só se conta unha vez cada contribución de cada unha delas.

O número total de profesorado (persoas titoras) que participa nos programas de doutoramento da USC alcanza case os 2.160 e o total de persoas directoras o 1.562 (Táboa 8). Por ramas de coñecemento, o número de persoas directoras está entre 400 e 500 exceptuando Enxeñaría e Arquitectura que só ten 260, xa que é a área que oferta o menor número de programas de doutoramento. O 74,7 % das persoas directoras están vinculadas á USC. Se se compara o número de estudantes matriculados fronte o número de persoas directoras e titoras pódese ver que a media de estudantes por persoa titora é case de 1,18 e por persoa directora de 1,63, o que significa que unha porcentaxe elevada das persoas directoras conta con máis dun estudante de doutoramento.

A experiencia investigadora totaliza 4.705 sexenios, o que supón unha media de 2,91 sexenios por profesor ou profesora da USC (Táboa 8). Deles, o 73,13 % corresponde globalmente con sexenios vivos. Por ramas obsérvase que, salvo en Ciencias Sociais e Xurídicas onde a porcentaxe de profesorado con sexenios vivos é do 66,5 %, no resto de ramas supera o 70 %. Estas cifras revelan que a experiencia investigadora das persoas directoras e titoras de teses é globalmente alta. Ao analizar estes datos hai que ter en conta que só se presenta información dos sexenios correspondentes ao profesorado que pertence á USC.

Obsérvase un total de 754 proxectos de investigación vivos entre aqueles derivados de convocatorias autonómicas (202), nacionais (391) e internacionais (161) (Táboa 8). Non dispoñemos de información respecto á participación en proxectos por ramas, e ademais hai que ter en conta que só se presenta información dos correspondentes ao profesorado que pertence á USC.

En canto a publicacións indexadas (Táboa 8), a cifra total é de 4.051. A cifra máis alta corresponde a Ciencias da Saúde, con 1.481, seguida de Ciencias con 1.449, Ciencias Sociais e Xurídicas con 597 e Enxeñaría e Arquitectura con 362. Destaca neste campo Artes e Humanidades, con só 162 publicacións indexadas. Con todo, obsérvase que nesta rama o número de publicacións non indexadas é bastante elevada, de 260. Isto coincide claramente co feito de que na rama de Artes e Humanidades valóranse preferentemente publicacións non indexadas, como é o caso dos libros. No caso de Ciencias Sociais e Xurídicas tamén se observa un elevado número de publicacións non indexadas fronte ás indexadas (491 fronte a 597), o cal tamén é un síntoma claro de que nesta rama non só se valoran as publicacións indexadas.

En canto a indicadores relativos, facilmente pódese obter que, de media, o profesorado do programa con vinculación á USC produciu 2,51 publicacións indexadas por profesor ou profesora, correspondendo a unha repartición de 3,5 na rama de Ciencias da Saúde, 3,9 na de Ciencias, 2,1 en Enxeñaría e Arquitectura, 1,6 en Ciencias Sociais e Xurídicas e 0,6 en Artes e Humanidades. No que respecta ás publicacións non indexadas, o total da Universidade é de 0,6 publicacións por profesora ou profesor. Obsérvase unha tendencia inversa á das publicacións indexadas, con taxas maiores en Artes e Humanidades e Ciencias Sociais e Xurídicas, con 0,95 e 1,3 publicacións por profesor ou profesora, e valores menores para Ciencias (0,3), Ciencias da Saúde (0,3) e Enxeñaría e Arquitectura (0,26).

Táboa 8. Persoal académico dos programas de doutoramento no curso 2022/2023

Persoal Académico do PD no curso 2022/2023						
Concepto	Total Porcentaxe	Artes e Humanidades	Ciencias Sociais e Xurídicas	Ciencias da Saúde	Ciencias	Enxeñaría e Arquitectura
Profesorado que forma parte dos PD	2.160	418	491	491	500	260
Profesorado da USC que forma parte dos PD	1.614	273	376	422	373	170
Cociente persoa doutoranda/profesorado do PD	1,18	1,15	1,23	1,70	0,88	0,79
Número total de sexenios do profesorado da USC (ID-25)	4.705	765	832	1.282	1.338	488
Número medio de sexenios por PDI da USC (ID-26)	2,91	2,80	2,21	3,04	3,59	2,87
Porcentaxe de PDI da USC con sexenios (ID-27)	91,91	93,82	91,02	91,33	87,90	95,48
Porcentaxe de PDI da USC con sexenios vivos (ID-28)	73,13	71,80	66,55	78,21	72,80	76,29
Directores/as das teses defendidas 2022/2023	534	85	89	204	113	43
Porcentaxe de directores/as de tese estranxeiros das teses defendidas en 2022/2023	4,1	4,5	4,4	4,4	6,2	4,7
Número de publicacións indexadas no ano do profesorado USC	4.051	162	597	1.481	1.449	362
Número de publicacións non indexadas no ano do profesorado USC	1.042	260	491	143	103	45
Número de proxectos internacionais vivos no ano 2023 do profesorado USC	161	nd	nd	nd	nd	nd
Número de proxectos nacionais vivos no ano 2023 do profesorado USC	391	nd	nd	nd	nd	nd
Número de proxectos autonómicos vivos no ano 2023 do profesorado USC	202	nd	nd	nd	nd	nd

Resumindo o analizado neste apartado, pódense extraer as seguintes conclusións:

- O persoal dispoñible para a dirección e titorización de tese é suficiente, posto que o curso avaliado ten un cociente de 1,18 de persoa doutoranda/profesorado dispoñible.
- Respecto dos proxectos de investigación obsérvanse uns valores altos tanto en proxectos autonómicos como nacionais e internacionais. Polo momento non se dispón de información por área de coñecemento.
- Respecto do número de sexenios por PDI da USC, a media é de 2,91 por profesor ou profesora, un número moi elevado que indica a alta calidade do profesorado que forma parte dos programas de doutoramento.
- En canto a publicacións, en termos relativos, a media total correspóndese con 2,51 publicacións indexadas e 0,6 publicacións non indexadas por profesora ou profesor da USC. Os datos indican que nas áreas de Ciencias e Enxeñarías e Ciencias da Saúde, as publicacións indexadas son máis

importantes presentando cifras maiores, mentres que en Artes e Humanidades e Ciencias Sociais e Xurídicas, o números de publicacións non indexadas son maiores (sobre todo en Artes e Humanidades), indicando a existencia doutro tipo de publicacións distintas aos artigos en revistas que non están indexadas, como pode ser o caso de libros.

1.4.2. Persoal de administración e servicios (PAS)

Na Universidade de Santiago de Compostela o apoio administrativo aos programas de doutoramento está articulado en diferentes niveis:

Para cada programa de doutoramento:

- Xestións administrativas do estudantado (admisión, matrícula, baixas e prórrogas, expedición de títulos...) a través do Servizo de Xestión Académica e as Unidades de Xestión Académica.
- Desenvolvemento ordinario dos programas de doutoramento e trámites relacionados coas teses a través do persoal de administración vinculado á Escola de Doutoramento Internacional (EDIUS), cun total de oito persoas neste curso académico.
- Para o apoio ás Comisións Académicas dos Programas de Doutoramento (CAPD) nas súas competencias cada programa conta con persoal de apoio á coordinación, situado no centro ao que estea vinculado á persoa coordinadora. Porén, a dedicación deste persoal non é exclusiva aos programas de doutoramento e nalgúns casos o persoal é compartido por varios programas.

A nivel xeral:

- Apoio á oferta, verificación e modificación de programas de doutoramento (Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica [SXOPRA]).
- Apoio ao seguimento e acreditación dos programas a través da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP).

Por outra banda, a USC conta con unidades de carácter centralizado que prestan os seus servizos a departamentos e grupos de investigación:

- a Biblioteca Universitaria, que é unha unidade funcional concibida como un centro de recursos bibliográficos para a docencia, a investigación, o estudo e a aprendizaxe.
- o Arquivo Universitario, que constitúe unha unidade funcional de apoio á investigación e á docencia. Está constituído por fondos documentais propios ou en depósito.
- a Rede de Infraestruturas de Apoio á Investigación e ao Desenvolvemento Tecnolóxico (RIAIDT), que é a estrutura organizativa que integra as infraestruturas instrumentais de uso común que prestan servizos de apoio á investigación da USC.

En resumo, considérase que, a nivel dos programas de doutoramento, o persoal de administración e servizos require dun reforzo importante para poder atender ás súas tarefas de xestión académica e administrativa. Para iso, enténdese como necesario abordar unha reforma da estrutura administrativa de apoio aos programas de doutoramento para adaptala aos cambios normativos producidos nos últimos

anos, así como para mellorar a súa eficacia dotando, para iso, á EDIUS cos medios materiais e recursos necesarios que permitan unha centralización desa xestión neste centro. Para iso cómpre dispoñer plenamente de persoal especializado dedicado en exclusiva a dar soporte e apoio aos programas de doutoramento.

1.5. Resultados da aprendizaxe

Desde o curso 2016/2017 defendéronse na USC 1.913 teses de doutoramento. A Figura 10 representa a evolución do número de teses defendidas na USC por curso académico e a súa distribución por rama de coñecemento.

No curso 2022/2023 defendéronse 337 teses de doutoramento, Táboa 9 e Figura 10. As realizadas en modalidades especiais (en cotutela, con mención internacional ou mención industrial) supoñen o 40,1 % do total, sendo a maioría as que optan á mención internacional 131 (38,9 %), as cales experimentan un incremento de tres puntos respecto do curso anterior. Obsérvase unha boa presenza de expertos internacionais para o número de tese que se presentaron con mención internacional, cun 18,9 % do total dos tribunais. Asemade, as defensas das teses foron eminentemente en formato presencial, sendo 258 das 337 teses presentadas no curso 2022/2023, o 76,6 % do total. Cómpre recordar, en todo caso, que a defensa non presencial mantense como alternativa para facilitar as configuracións e dispoñibilidade dos tribunais, e flexibilizar o acto de defensa en si mesmo.




Figura 10. Evolución do número de teses defendidas na USC por curso e rama de coñecemento

Por outra banda, neste curso defendéronse catro teses con mención industrial: tres na gran área de Ciencia e Enxeñaría e unha na de Ciencias Sociais e Xurídicas. Ademais, a Comisión Executiva da EDIUS deu o visto e praxe a nove novas solicitudes de doutoramento industrial, o que hai que valorar moi positivamente porque amosa o crecente interese do estudantado por este tipo de tese. Entre as empresas coas que se asinaron convenios neste curso académico cabe destacar a ABCr Laboratorios, NanoGap Sub-nm-Powder, Galaria Empresa Pública de Servicios Sanitarios, MD. Use Innovations, Qubiotech Health Intelligence, etc.

Táboa 9. Resultados dos programas de doutoramento no curso 2022/2023

Resultados dos programas no curso académico 2022/2023						
Concepto	Total	Artes e Humanidades	Ciencias Sociais e Xurídicas	Ciencias da Saúde	Ciencias	Enxeñaría e Arquitectura
Número de teses defendidas (ID-31)	337	57	65	121	52	42
Número de teses defendidas por xénero	H (172)	29	37	44	30	32
	M (165)	28	28	77	22	10
Porcentaxe de teses defendidas a tempo completo (ID-32)	84,7	95,9	75,9	78,2	100,0	87,5
Porcentaxe de teses defendidas a tempo parcial (ID-33)	15,0	4,1	22,4	21,8	0,0	12,5
Duración media dos estudos a tempo completo (ID-38)	4,38	4,43	4,62	4,38	4,40	4,05
Duración media dos estudos a tempo parcial (ID-39)	4,80	5,15	4,54	4,48	4,88	4,93
Porcentaxe de persoas doutorandas que defenden a súa tese sen pedir prórroga (ID-40)	10,9	14,3	12,1	13,9	0,0	6,3
Porcentaxe de abandono do programa (ID-45)	15,4	21,6	20,8	10,8	10,7	13,5
Número de teses presentadas en galego (ID-35)	32	14	11	2	3	2
Número de teses presentadas en castelán (ID-36)	161	35	35	72	9	10
Número de teses presentadas noutro idioma (ID-37)	144	8 (P-2 e I-6)	19 (I-8 e P-11)	47 (I-45 e P-2)	40 (I-40)	30 (I-29 e P-1)
Porcentaxe de expertos internacionais nos tribunais de tese (ID-30)	18,9	26,3	15,38	13,2	25,0	23,0
Porcentaxe de teses coa cualificación de <i>cum laude</i> (ID-43)	306	47	57	117	49	36
Teses con mención internacional	131	24	14	42	31	20
Teses con mención de doutoramento industrial	4	0	1	0	1	2
Teses en cotutela	0	0	0	0	0	0

Na Figura 11 móstrase a evolución do número de teses e as teses defendidas no curso 2022/23 por rama de coñecemento desde a perspectiva de xénero. Pódese observar que o número de homes que defenderon a tese de doutoramento neste curso académico supera moi lixeiramente ao de mulleres sendo dun 51 %. Existe, pois, un equilibrio notable nas teses defendidas desde a perspectiva de xénero. Ao avaliar os datos por ramas de coñecemento para este curso académico destaca a porcentaxe de teses lidas por mulleres na área de Ciencias da Saúde, cun 64 %. Pola outra banda, atopamos a área de Enxeñaría e Arquitectura cunha porcentaxe dun 76 % de teses defendidas por homes. O resto das ramas de coñecemento teñen un número de teses defendidas por homes e mulleres equilibrado, entre o 51 % e un 58 %, mais en todos os casos é lixeiramente superior o número de homes que de mulleres. Na Figura 11 (esquerda) móstrase a evolución nos últimos sete anos de teses defendidas desde a perspectiva de xénero que, non sendo no curso 2018/19, onde o número de mulleres superou considerablemente ao número de homes, no resto dos anos preséntase un notable equilibrio entre sexos.




Figura 11. Evolución do número de teses (esquerda) e teses defendidas por ramo de coñecemento no curso 2022/23 (dereita) desde a perspectiva de xénero

En canto ao idioma das teses de doutoramento (Táboa 9), neste curso académico un 47,8 % empregaron o castelán, un 9,5 % o galego e un 42,7 % outro idioma. No caso das teses noutro idioma, o máis utilizado polo estudiantado é o inglés, cun 88,9 %, seguido do portugués, cun 11,1 %. Por ramas de coñecemento destaca a porcentaxe de teses noutro idioma (inglés) nas ramas de Ciencias e Enxeñaría e Arquitectura cun 76,9 % e 71,4 % respectivamente. Pola outra banda, a porcentaxe de teses noutro idioma na rama de Artes e Humanidades é só dun 14 % e en Ciencias Sociais e Xurídicas dun 29,2 %, sendo nesta última o idioma portugués o máis utilizado. Na rama de Ciencias da Saúde está un pouco mais equilibrado o uso de castelán e outro idioma (inglés) cun 59,5 % e 38,8 % respectivamente. O idioma de redacción das teses de doutoramento está moi relacionado coa lingua vehicular utilizada a nivel internacional na investigación desenvolvida, sendo esta o inglés na rama de Ciencias e Enxeñaría. Á vista dos números pode dicirse que, globalmente, a internacionalización é boa e que a calidade das teses avaliadas por expertos internacionais tamén o é. Con todo, obsérvase que hai dúas ramas que teñen marxe de mellora a este respecto (Ciencias Sociais e Xurídicas e Artes e Humanidades).

En canto á duración media das teses de doutoramento a tempo completo, esta é de 4,38 anos (Táboa 9), unha media superior aos tres anos que indica o Real Decreto 99/2011 sen prórroga, e lixeiramente superior á duración con primeira prórroga. Parece evidente que a duración das teses vai ser, en xeral, superior á prevista no Real decreto e tende aos catro anos, isto é, igual á duración media das teses en plans anteriores. Para as teses a tempo parcial, a duración foi similar, situándose nunha media de 4,80 anos. A porcentaxe de teses que non requiriron unha primeira prórroga é do 10,9 %, que pode ser indicativo da progresiva adaptación ao actual plan de estudos.

A porcentaxe de abandono dos estudos de doutoramento é do 15,4 %. Esta cifra é moi similar á do curso anterior. A porcentaxe de abandono pode estar ligada dalgún modo á evolución do mercado laboral relacionado co programa, así como ás dificultades de compaxinar os estudos de doutoramento coa vida familiar ou a vida laboral (no caso daqueles que optan polo doutoramento a tempo parcial), e a falla de financiamento para poder desenvolver os estudos de doutoramento. Noutros casos, o abandono pode deberse á deficiente información sobre as esixencias da tarefa de investigación e a dedicación que implica este tipo de estudos. As taxas de abandono por ramas de coñecemento son máis baixas nas ramas de Ciencias e Enxeñaría e Ciencias da Saúde, e considerablemente máis altas na rama de Artes e Humanidades e Ciencias Sociais e Xurídicas.

Por último, neste curso académico 2022/2023 convocáronse os premios extraordinarios de doutoramento correspondentes ao curso 2020/2021. Segundo a proposta definitiva aprobada no Consello de Goberno de 30 de marzo de 2023, para o curso 2020/2021 concedéronse 34 premios coa seguinte repartición: 11 na rama de Ciencias da Saúde, 11 na de Ciencias e Enxeñarías, 5 na de Artes e Humanidades, e 7 na de Ciencias Sociais e Xurídicas. A relación completa das persoas premiadas pode consultarse na nosa páxina web: <https://www.usc.gal/es/centro/escuela-doctorado-internacional-usc/premio-extraordinario-doctorado-20-21>.

1.6. Satisfacción dos grupos de interese (resultados das enquisas)

As enquisas de satisfacción ao estudantado e profesorado dos programas así coma ás persoas directoras e titoras son un instrumento clave do sistema de calidade. A participación dos distintos colectivos é máis ben escasa, polo que ata o momento non se poden considerar como estatisticamente significativas. Os resultados das enquisas estarán para cada programa de doutoramento proximamente dispoñibles nas páxinas propias dos programas.

Nas táboas 10 a 14 preséntanse os resultados das enquisas de satisfacción do estudantado, persoas titoras e directoras, persoas egresadas e PAS dos programas doutoramento durante o curso 2022/23. Apréciase unha valoración positiva dos estudos de doutoramento por parte de todos os colectivos, tanto de forma xeral como a nivel de programa. Na Figura 12 preséntase a evolución do grado de satisfacción global do estudantado (pregunta 14: “En xeral, estou satisfeito/a co programa de doutoramento”) na que se obtén un 4,29 (sobre 5) e das persoas egresadas (pregunta 5: “Indique o seu grado de satisfacción global co PD”) cun 3,94 (sobre 5), alcanzándose un resultado lixeiramente superior ao do ano anterior.

Polo que respecta tamén ás persoas doutorandas, merece a pena resaltar a boa puntuación que ten pola súa parte a pregunta 9 da enquisa: “O fomento da crítica científica e maila actividade investigadora, por parte do/a/s director/a/s da tese” cun 4.58 (sobre 5), a pregunta 8: “O labor do/a/s meu/miña/s director/a/s de tese” cun 4.65 (sobre 5) e a pregunta 28: “O tema da miña tese responde as miñas expectativas” cun 4.44 (sobre 5). Por outra banda, as preguntas menos valoradas son a pregunta 19: “A información proporcionada sobre o sistema de bolsas/contratos para investigadores/as posdoutorais” cun 3.30 (sobre 5) e a pregunta 20: “A información sobre saídas profesionais tralo doutoramento” cun 3.32 (sobre 5), o que indica que hai que mellorar a información existente nestes puntos.

No caso dos resultados das enquisas de satisfacción das persoas egresadas destaca positivamente a valoración da pregunta 1: “Estou satisfeito/a coas competencias e habilidades adquiridas ao realizar o PD” cun 4.29 (sobre 5), o que indica un alto grado de satisfacción coa formación recibida. Dos datos presentados nas Táboas 10 e 12 pode deducirse unha satisfacción xeral elevada das persoas doutorandas e egresadas cos programas de doutoramento e coa Escola, destacando o traballo das persoas directoras e titoras de tese.

Por parte destas últimas destaca positivamente a puntuación na pregunta relacionada con “Formación investigadora adquirida polo estudantado (pregunta 14)” cun 4.16 (sobre 5), e na pregunta 1: “Información, planificación e coordinación levadas a cabo pola Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD)” cun 4.22 (sobre 5). Por outra banda destaca negativamente a pregunta 6: “Apoio económico (contratos, bolsas) aos/as doutorandos/as” cun 2.85 (sobre 5), aspecto que podería mellorar cun incremento dos recursos por parte da propia USC e, sobre todo, das administracións autonómica e

estatal. Como pode verse nos datos presentados na Táboa 11, o profesorado do programa amosa un bo nivel de satisfacción co estudantado dos programas de doutoramento no seu conxunto e respecto á organización e xestión dos estudos de doutoramento.




Figura 12. Evolución dos resultados globais das enquisas de satisfacción das persoas doutorandas e egresadas dos últimos anos

Por último, as enquisas de satisfacción do PAS de apoio aos programas de doutoramento nos centros (Táboa 13) e dos PAS dos servizos centrais da EDIUS (Táboa 14) amosan no primeiro grupo un grao de satisfacción moderado e no segundo un grado de satisfacción baixo. En ambos casos o motivo é a falta de recursos humanos para poder levar a cabo a súa labor de xestión dos programas de doutoramento, cun incremento nos últimos anos dos trámites administrativos e burocráticos que hai que levar a cabo. Polo tanto, é necesario seguir insistindo desde o equipo de dirección da EDIUS na necesidade de dotar de máis persoal de apoio estable aos programas de doutoramento, sobre todo nos servizos centrais.

Táboa 10. Informe de satisfacción do alumnado cos programas de doutoramento no curso 2022/23^{(1),(2)}

Pregunta	Puntuación Mínima	Valoración Media
1. A información pública dispoñible nas Web, sobre o PD (obxectivos, requisitos formativos, cadro docente, liñas de investigación)	1	4.01
2. O sistema de bolsas/contratos para o alumnado (etapa de formación, mobilidade)	1	3.22
3. O proceso de admisión e matrícula	1	4.13
4. Os procedementos informáticos relativos á proposta e aprobación dos documentos de actividades formativas	1	3.81
5. Os procedementos informáticos relativos á proposta e aprobación dos plans de investigación.	1	3.99
6. O labor do/a coordinador/a do programa.	1	4.27
7. O labor do/a meu/miña titor/a.	1	4.48
8. O labor do/a/s meu/miña/s director/a/s de tese	1	4.65
9. O fomento da crítica científica e maila actividade investigadora, por parte do/a/s director/a/s da tese.	1	4.58
10. O labor do persoal administrativo da EDIUS e do Centro (facultade, escola, centros ou institutos de investigación)	1	4.18
11. Os medios materiais, bibliográficos e de investigación necesarios para o desenvolvemento da miña tese.	1	4.05
12. Os espazos de traballo (biblioteca, laboratorios, etc.)	1	4.13
13. Elixín este programa pola súa relación cos meu obxectivos profesionais.	1	4.55
14. En xeral, estou satisfeito/a co programa de doutoramento.	1	4.29
15. A información pública dispoñible nas Web, sobre o POD (obxectivos, requisitos formativos, cadro docente, liñas de investigación)	1	4.02
16. A información proporcionada sobre as modalidades de presentación da tese (tradicional ou por compendio de artigos).	1	4.10
17. A información proporcionada sobre a mención internacional/ mención industrial.	1	3.86
18. A información proporcionada sobre o sistema de bolsas/ contratos da etapa de formación.	1	4.44
19. A información proporcionada sobre o sistema de bolsas/contratos para investigadores/as posdoutorais.	1	3.30
20. A información sobre saídas profesionais tralo doutoramento.	1	3.32
21. O proceso de renovación da matrícula.	1	4.09
22. Os trámites administrativos que debo seguir antes de defender a miña tese.	1	4.18
23. Os procedementos informáticos relativos á proposta e aprobación dos documentos de actividades formativas.	1	3.93
24. As ferramentas informáticas para a xestión dos estudos de doutoramento.	1	4.26
25. O labor do/a/s meu/miña/s director/a/s de tese.	1	4.42
26. O fomento da crítica científica e maila actividade investigadora, por parte do/a/s director/a/s da tese.	1	4.26
27. O labor do persoal administrativo da EDIUS e o do Centro (facultade, escola, centros ou institutos de investigación).	1	4.18
28. O tema da miña tese responde as miñas expectativas.	1	4.44
29. O PD apórtame coñecementos novos, precisos e actualizados.	1	4.27
30. A oferta formativa do programa (cursos, seminarios, etc. obrigatorios e/ou complementarios) é de interese e de calidade.	1	3.91
31. Elexín este PD pola súa relación cos meu obxectivos profesionais.	1	4.46
32. O PD ábreme novas perspectivas cara á miña inserción laboral.	1	3.90
33. O meu esforzo e dedicación para a miña investigación.	1	4.47
34. En xeral, estou satisfeito/a co PD.	1	4.22
35. Coa información da que dispoño neste momento, volvería a elixir este PD para realizar estudos de doutoramento.	1	4.13

⁽¹⁾Número de convidados: 785. Número de enquisas cubertas: 191. Taxa de participación: 24,33 %.

⁽²⁾Rango de valoración das preguntas: 1-5.

Táboa 11. Informe de satisfacción de egresados/as dos programas doutoramento no curso 2022/23 ^{(1),(2)}.

Pregunta	Puntuación Mínima	Valoración Media
1. Estou satisfeito/a coas competencias e habilidades adquiridas ao realizar o PD	2	4.29
2. Creo que o PD me capacitou para o desenvolvemento da miña carreira investigadora	2	4.23
3. A formación recibida é adecuada para unha inserción laboral	1	3.65
4. A realización do programa de doutoramento facilitou a miña inserción laboral e profesional como investigador/a.	1	3.78
5. Indique o seu grao de satisfacción global co PD.	1	3.94
6. Indique o seu grao de satisfacción global co/a/s director/a/s e titor/a/s.	1	4.21

⁽¹⁾Número de convidados 184, número de enquisas cubertas 53, Taxa de participación 28,80%

⁽²⁾Rango de valoración das preguntas 1-5.

Táboa 12. Informe de satisfacción dos titores/as-directores/as dos programas de doutoramento no curso 2022/23 ^{(1),(2)}.

Pregunta	Puntuación Mínima	Valoración Media
1. Información, planificación e coordinación levadas a cabo pola Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD)	1	4.22
2. Oferta, planificación e organización das actividades formativas (seminarios, cursos, congresos, xornadas?)	1	3.97
3. Actividades desenvolvidas e axudas dispoñibles á mobilidade ou estadias de investigación	1	3.38
4. Supervisión e avaliación do progreso da investigación do/as doutorando/as realizadas pola Comisión Académica do Programa de Doutoramento.	1	4.13
5. Motivación e os coñecementos do estudiantado matriculado no programa	1	4.07
6. Apoio económico (contratos, bolsas) aos/as doutorandos/as	1	2.85
7. Información da páxina web da EDIUS	1	3.96
8. Información da páxina web do programa	1	3.87
9. Requisitos esixidos para acreditar a experiencia investigadora	1	3.99
10. Mecanismo de recoñecemento (dedicacións docentes) do labor de titorización e dirección de teses	1	3.30
11. Adecuación e a dispoñibilidade dos laboratorios, aulas, espazos para talleres, equipamentos especiais, recursos bibliográficos, recursos e redes de telecomunicacións.	1	4.06
12. Apoio nos trámites administrativos prestado polo persoal administrativo	1	3.95
13. Xestión na resolución das incidencias e reclamacións	1	3.97
14. Formación investigadora adquirida polo estudiantado	1	4.16

⁽¹⁾Número de convidados: 1826. Número de enquisas cubertas: 616. Taxa de participación: 33,73 %.

⁽²⁾Rango de valoración das preguntas: 1-5.

Táboa 13. Informe de satisfacción dos PAS de apoio nos centros dos programas de doutoramento do curso 2022/23 ^{(1),(2)}.

Pregunta	Valoración Media	Valoración global
1. A xestión desenvolvida polas comisións académicas dos programas de doutoramento (CAPD)	3.71	3.71
2. A xestión desenvolvida polo coordinador do programa	3.65	3.65
3. O contacto co estudiantado dos programas de doutoramento	3.56	3.56
4. A coordinación cos servizos centrais con competencias de xestión nos estudos de doutoramento (Servizo de Posgrao, EIDO, EDIUS, SXOPRA, SXA...)	3.50	3.50
5. A información proporcionada polas páxinas web dos programas de doutoramento	3.80	3.80
6. A información proporcionada pola páxina web da Escola Internacional de Doutoramento	3.65	3.65
7. A xestión das queixas, suxestións e parabéns	3.29	3.29
8. A identificación, na miña actividade diaria, de aspectos susceptibles de mellora.	3.46	3.46
9. A estrutura organizativa da Universidade para o apoio aos PD	2.58	2.58
10. A dotación do persoal en doutoramento	2.73	2.73
11. A formación para desempeñar o meu traballo en doutoramento	2.81	2.81
12. O equipamento (recursos, espazos) para desenvolver o meu traballo	3.58	3.58
13. As ferramentas para a xestión e o desenvolvemento dos estudos de doutoramento. (Aplicacións informáticas, medios nos laboratorios...)	3.68	3.68
14. En xeral, estou satisfeito/a coa xestión dos programas de doutoramento	2.92	2.92

⁽¹⁾Número de convidados: 60. Número de enquisas cubertas: 27. Taxa de participación: 45 %.

⁽²⁾Rango de valoración das preguntas: 1-5.

Táboa 14. Informe de satisfacción dos PAS dos servizos centrais dos programas doutoramento no curso 2022/23 ^{(1),(2)}.

Pregunta	Valoración Media	Valoración global
1. A xestión desenvolvida polas comisións académicas dos programas de doutoramento (CAPD)	4.00	4.00
2. A xestión desenvolvida polos coordinadores dos programas	4.00	4.00
3. A coordinación cos outros servizos con competencias de xestión nos estudos de doutoramento (Servizo de Posgrao, EIDO, EDIUS, SXOPRA, SXA...)	4.00	4.00
4. A información proporcionada polas páxinas web dos programas de doutoramento	4.33	4.33
5. A información proporcionada pola páxina web da Escola Internacional de Doutoramento (Eido)	4.67	4.67
6. O contacto co estudiantado dos programas de doutoramento	4.00	4.00
7. A xestión das queixas, suxestións e parabéns	4.33	4.33
8. A identificación, na miña actividade diaria, de aspectos susceptibles de mellora.	4.33	4.33
9. A estrutura organizativa da Universidade para o apoio aos PD	3.33	3.33
10. A dotación do persoal	3.67	3.67
11. A formación para desempeñar o meu traballo	3.67	3.67
12. O equipamento (recursos, espazos) para desenvolver o meu traballo	4.33	4.33
13. As ferramentas para a xestión e o desenvolvemento dos estudos de doutoramento. (Aplicacións informáticas, medios nos laboratorios...)	4.00	4.00
14. En xeral, estou satisfeito/a coa xestión dos programas de doutoramento	4.00	4.00

⁽¹⁾Número de convidados: 9. Número de enquisas cubertas: 3. Taxa de participación: 33,33 %.

⁽²⁾Rango de valoración das preguntas: 1-5.

2. Análise da calidade dos diferentes programas de doutoramento

O Informe de Seguimento dos programas de doutoramento (IS), o Informe sobre a Calidade dos estudos de doutoramento (ICED) e o Plan Anual de Mellora (PAM) son os principais instrumentos do Sistema de Garantía Interna da Calidade dos programas de doutoramento da EDIUS e teñen como obxectivo a mellora continua da titulación, garantindo un nivel de calidade que facilite o seu seguimento e acreditación pola ACSUG. As enquisas de satisfacción son unha fonte importante para a elaboración destes informes que, pola súa banda, son a base para a proposta do PAM por parte dos programas de doutoramento.

Durante o curso 2022-23 a calidade dos estudos de doutoramento foi avaliada tanto de forma interna coma externa. Internamente, aplicáronse os seguintes instrumentos habituais. Enquisas de satisfacción aos grupos de interese (ver punto 1.6 para mais detalle). Estas son:

1. Enquisa ao estudantado do programa de doutoramento
2. Enquisa as persoas titoras e directoras de tese
3. Enquisa ao Persoal de Administración e Servizos de apoio aos programas de doutoramento

Todos os programas de doutoramento non inmersos en proceso de modificación substancial da súa memoria de verificación e coordinados pola USC realizaron neste curso académico o seu informe de seguimento interno. Estes son:

- Agricultura e Medioambiente para o Desenvolvemento
- Avances e Novas Estratexias Forenses
- Avances en Bioloxía Microbiana e Parasitaria
- Biodiversidade e Conservación do Medio Natural
- Ciencia e Tecnoloxía Química
- Ciencia e Tecnoloxía Química
- Ciencias Odontolóxicas
- Dereito
- Desenvolvemento Rexional e Integración Económica
- Economía e Empresa
- Endocrinoloxía
- Enerxías Renovables e Sustentabilidade Enerxética
- Enxeñaría Química e Ambiental
- Estatística e Investigación Operativa
- Estudos Culturais: Memoria, Identidade, Cultura e Territorio.
- Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura
- Estudos Medievais
- Filosofía
- Innovación en Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias
- Investigación Básica e Aplicada en Ciencias Veterinarias
- Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos
- Láser, Fotónica e Visión
- Matemáticas
- Medicina Molecular
- Medio Ambiente e Recursos Naturais
- Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas
- Neurociencia e Psicoloxía Clínica
- Procesos Psicolóxicos e Comportamento Social
- Psicoloxía do Traballo e as Organizacións Xurídica-Forense e do Consumidor e Usuario
- Relacións Laborais e Recursos Humanos
- Textos da Antigüidade Clásica e a súa pervivencia

Para os programas de doutoramento suxeitos á modificación da memoria decidiuse adiar este seguimento institucional ao curso académico seguinte.

Externamente, durante este curso académico continuouse coa avaliación externa do último programa pendente de renovación da súa acreditación, o programa de doutoramento interuniversitario en Desenvolvemento Psicológico, Aprendizaxe e Saúde, e acadouse a renovación da acreditación, recibindo o seu informe final sete programas de doutoramento da USC:

- Biodiversidade e Conservación do Medio Natural
- Desenvolvemento Psicológico, Aprendizaxe e Saúde
- Investigación Agraria e Forestal
- Investigación en Tecnoloxías da Información
- Medio Ambiente e Recursos Naturais
- Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas
- Xestión sustentable da terra e do territorio (en extinción)

Este resultado constitúe un éxito compartido dos programas e de todos os seus actores: coordinacións, comisións académicas, estudantado, persoas directoras e titoras.

Por outra banda, iniciouse o proceso de modificación dos programas de doutoramento que recibiron a renovación da súa acreditación ou ben daqueles que teñen que afrontar cambios normativos derivados da aplicación da modificación do RD 99/2011 polo RD 576/2023 antes da entrada nun novo ciclo de acreditación. En total, 16 deles iniciaron o proceso de modificación da súa memoria de verificación para recoller os aspectos de obrigado cumprimento e as recomendacións establecidas polas respectivas comisións de avaliación. Estes programas foron:

- Ciencia de Materiais
- Educación
- Enxeñaría Rural e Civil
- Enxeñaría Química e Ambiental
- Epidemioloxía e Saúde Pública
- Estudos da Literatura e a Cultura
- Física Nuclear e de Partículas
- Historia, Xeografía e Historia da Arte
- Investigación Agraria e Forestal
- Investigación Básica e Aplicada en Ciencias Veterinarias
- Investigación Clínica en Medicina
- Investigación en Tecnoloxías da Información
- Lingüística
- Marketing Político, Actores e Institucións nas Sociedades Contemporáneas
- Matemáticas
- Medicina e Sanidade Veterinaria

Ademais, o proceso de modificación das memorias a implantar no curso 2023/24 rematou con informe favorable de todos os programas que o solicitaron:

- Avances e novas estratexias en Ciencias Forenses
- Ciencias Odontolóxicas
- Comunicación e Información Contemporánea
- Economía e Empresa
- Enerxías Renovables e Sustentabilidade Enerxética
- Neurociencia e Psicoloxía Clínica
- Procesos Psicolóxicos e Comportamento Social

2.1. Síntese dos aspectos susceptibles de mellora na organización, planificación e desenvolvemento dos obxectivos dos programas

Nos informes de renovación da acreditación dos sete programas de doutoramento indicados previamente percíbese que, en xeral, tanto a organización como a planificación e o desenvolvemento dos obxectivos son aspectos que se cobren de maneira satisfactoria en todos os programas. Como ocorre normalmente, determinados aspectos de mellora aparecen repetidamente nos programas de doutoramento. Algúns destes aspectos dependen dos programas (por exemplo, a organización dunha xornada de benvida para as persoas doutorandas ou as actividades formativas específicas) e outros de axentes externos ao programa, por exemplo o financiamento dos estudos de doutoramento.

Existe unha serie de aspectos que aparecen ano tras ano e que probablemente seguirán aparecendo, pois sempre poden mellorarse. Algúns exemplos son os seguintes: Maior número de axudas e contratos predoutorais, mellorar a comunicación e difusión externa dos programas, simplificar na medida do posible os procedementos administrativos e de xestión, aumentar a internacionalización dos programas, mellorar a calidade e utilidade das ferramentas dixitais (web, repositorios, etc.), aumentar as taxas de respostas das enquisas de todos os colectivos, mellorar a información sobre actividades formativas transversais, aumentar as porcentaxes de teses con mención internacional e mención industrial, fomentar a finalización das teses nos prazos estipulados, mellorar os resultados científicos das teses, propiciar a integración das persoas doutorandas no día a día dos grupos de investigación, fomentar a dirección de teses ao conxunto dos equipos investigadores, mellorar a oferta de actividades transversais de interese para todas as ramas e engadir actividades específicas organizadas polos programas de doutoramento, fomentar a implicación de persoas titoras e directoras en todas as cuestións relativas ao programa, mellorar a información sobre normativa e procedementos, mellorar os mecanismos de avaliación dos plans de investigación, entre outros aspectos mencionados.

Finalmente, nalgúns programas existen aspectos de mellora que merece a pena destacar. Estes son:

- Nalgúns programas detectouse un número de estudantes matriculados que non está acorde coa oferta, que comeza a ser preocupante. Por exemplo, no programa de Biodiversidade e Conservación do Medio Natural, Xestión Sustentable da Terra e do Territorio, Investigación en Tecnoloxías da Información, Medio Ambiente e Recursos Naturais e Desenvolvemento Psicolóxico, Aprendizaxe e Saúde.
- Débese potenciar que todas as liñas de investigación estean activas e contén con persoas doutorandas asignadas, así como mellorar a distribución do estudantado entre liñas, dado que se observan unhas liñas desprovistas de persoas doutorandas e concentración noutras. Por exemplo, nos programas de Xestión Sustentable da Terra e do Territorio, Investigación en

Tecnoloxías da Información, Biodiversidade e Conservación do Medio Natural, Investigación Agraria e Forestal, Medio Ambiente e Recursos Naturais e Desenvolvemento Psicolóxico, Aprendizaxe e Saúde.

- Para mellorar a internacionalización considérase necesario mellorar o financiamento da mesma tanto para mobilidade de estudantes como para financiar as estancias de expertos. É moi necesario mellorar a internacionalización nos programas de Xestión Sustentable da Terra e do Territorio, Biodiversidade e Conservación do Medio Natural e Desenvolvemento Psicolóxico, Aprendizaxe e Saúde.
- Nos programas interuniversitarios recoméndase fomentar actividades conxuntas de formación (Investigación en Tecnoloxías da Información e Investigación Agraria e Forestal).
- Débese facer un seguimento da taxa de abandono dos programas de doutoramento onde é elevada, por exemplo: Xestión Sustentable da Terra e do Territorio.
- A mención industrial, que empeza a aparecer en Ciencias e Enxeñaría e Arquitectura, resulta moi complicada no resto das áreas. Quizais se poderían buscar fórmulas comúns de promoción desde a Escola de Doutoramento ou desde a propia Universidade.
- Débese manter unha porcentaxe de PDI con sexenios vivos por encima do 60 % e débense implementar accións destinadas ao incremento desta porcentaxe, ou unha acreditación de méritos investigadores equivalentes para aquel profesorado que non poida optar a sexenios. Isto é problemático en programas como o de Biodiversidade e Conservación do Medio Natural, Xestión Sustentable da Terra e do Territorio e Desenvolvemento Psicolóxico, Aprendizaxe e Saúde.
- Implementar mecanismos para mellorar a taxa de resposta de todos os grupos de interese nas enquisas de satisfacción (persoas doutorandas, egresadas e PDI), e implantar a enquisa de satisfacción ao PAS. Coñecer a opinión de todos os grupos de interese implicados no título e que dita opinión sexa representativa é un aspecto importante para detectar posibles problemas e para propoñer melloras que eleven a calidade do programa.
- Incorporar uns criterios de calidade mínimos por programa de doutoramento para poder proceder ao depósito das teses de doutoramento.
- A sobrecarga administrativa e burocrática en todos os procedementos é un elemento que practicamente todos os programas reivindicán.
- Completar a información pública proporcionada no sitio web institucional da EDIUS, con todos os aspectos requiridos no anexo II da Guía de Seguimento e Acreditación de Doutoramento de ACSUG, en particular:
 - Informes relacionados coa avaliación do Programa (verificación, seguimento e acreditación), perfil de egreso e principais saídas laborais.
 - Datos e indicadores: Satisfacción de persoas doutorandas e persoas directoras de teses co programa, e taxa de emprego.
- Por último e non menos importante, o recoñecemento da dedicación das persoas titoras e directoras e dos membros das Comisións Académicas dos Programas de Doutoramento (CAPD) considérase practicamente por unanimidade altamente deficiente.

2.2. Síntese dos aspectos especialmente positivos dos programas que se considere poden servir de referencia para outros programas

Nos diferentes informes de renovación da acreditación dos seis programas indicados previamente recolléronse algúns aspectos positivos. A modo de exemplo cabe destacar:

- Interese académico dos programas de doutoramento e a súa actualización de acordo cos requisitos da disciplina e dos avances científicos e tecnolóxicos, na súa maioría asociados a liñas estratéxicas de I+D+i da USC.
- Nas audiencias co estudiantado e persoas egresadas apréciase un elevado grao de satisfacción destes colectivos co programa de doutoramento.
- En moitos casos os grupos de investigación do programa posúen bo nivel de financiamento a través de proxectos competitivos rexionais, nacionais, internacionais, e contratos con empresas.
- A cualificación docente e experiencia investigadora do PDI cun número elevado de sexenios de investigación en moitos casos.
- A calidade das teses e o elevado número de contribucións científicas derivadas destas, o que avala a adquisición das competencias do título.
- A internacionalización dos programas de doutoramento, que se avala co número de persoas doutorandas que realizaron estancias en centros estranxeiros, e a participación de expertos internacionais nos tribunais de teses e de directores ou codirectores de teses estranxeiros no programa.
- As enquisas realizadas a persoas egresadas mostran unha alta porcentaxe de inserción laboral.

3. Recomendacións xerais para a mellora da calidade

3.1. En relación á oferta de programas de doutoramento da USC

Ao longo deste curso a oferta de programas de doutoramento ampliouse con ata tres novos programas na rama de Ciencias e Enxeñaría: o programa de doutoramento en Matemáticas e Aplicacións (Programa Transfronteirizo INTERREG V-A España-Portugal (POCTEP)) e na rama de Ciencias Sociais e Xurídicas os programas de doutoramento en Ciencias Sociais e Envellecemento (Programa Transfronteirizo INTERREG V-A España-Portugal (POCTEP)) e o programa de doutoramento en Relacións Laborais e Recursos Humanos (interuniversitario), que incrementan a oferta actual. Por outra banda, o programa de doutoramento de Xestión Sustentable da Terra e ou Territorio comezou neste curso 2022/2023 ou seu proceso de extinción ante a súa escasa demanda nos últimos anos, o importante solapamento das súas liñas de investigacións coas existentes noutros programas de doutoramento e as recomendacións recibidas no seu informe final de acreditación.

En relación coa oferta de programas de doutoramento na USC considérase adecuada. Salvo, excepcións, as liñas de investigación dos distintos programas de doutoramento teñen estudantes, o que indica que as actuais liñas mostran actividade e existe interese por elas, á marxe dos comentarios introducidos nos informes dalgúns dos programas.

3.2. En relación á oferta de actividades formativas

En xeral recoñécense os esforzos realizados nos últimos anos para mellorar, ampliar e estruturar a oferta de actividades formativas transversais. Na actualidade, a EDIUS oferta unha gran variedade de actividades, organizadas por módulos, que se poden cursar en diferentes momentos do ano, en diferentes modalidades (presenciais e non presenciais nalgúns casos) e en distintos campus. Ademais, esta oferta é dinámica e actualízase cada curso con novas actividades. Durante este curso académico 2022/23 ampliouse significativamente a oferta de actividades transversais, como se indicou anteriormente, chegando a un total de 46, con máis de 500 horas e 1.316 prazas ofertadas. Os resultados das enquisas ás persoas doutorandas en relación á oferta de actividades de formación mostran, en xeral, unha elevada satisfacción. En definitiva, a oferta de actividades formativas van calando na cultura do doutoramento.

Propóñense as seguintes recomendacións para mellorar a oferta:

- Facer pedagogía sobre as actividades formativas transversais, chamar a atención sobre elas na páxina web dos programas, reforzar a difusión entre as persoas titoras de teses destas actividades, etc.
- Mellorar os recursos humanos e financeiros para levar a cabo as actividades formativas xa que actualmente estes recaen primordialmente nos esforzos das comisións académicas dos programas e a EDIUS para a súa planificación
- Impartir un maior número de actividades formativas en inglés para o numeroso grupo de estudantes estranxeiros que existe nos programas de doutoramento e que teñen problemas para seguir as actividades en castelán e galego.

3.3. En relación á calidade dos estudos de doutoramento

Á vista dos informes de acreditación e seguimento, en xeral pode afirmarse que os programas de doutoramento móstranse satisfeitos coa calidade dos estudos de doutoramento que imparten.

Entre os aspectos especialmente positivos atópanse:

- Apréciase positivamente o interese que esperta en estudantes de fóra de España, cun número crecente de matriculados estranxeiros, como se mencionou anteriormente.
- Os resultados das teses doutorais en canto ao número de publicacións científicas obtidas.
- A relevancia nacional e internacional dos equipos e grupos de investigación, e as colaboracións internacionais.
- A capacidade de captación de fondos e proxectos por parte dos equipos e grupos de investigación para desenvolver as súas liñas de investigación.
- As persoas titoras e directoras obteñen as puntuacións máis altas nas enquisas de satisfacción.

Un dos aspectos máis criticados polos programas de doutoramento é o incremento progresivo do tempo que o profesorado dedica ás tarefas administrativas ou burocráticas.

3.4. En relación ás actuacións do Comité de Dirección do Doutoramento

Nos informes de avaliación da calidade non se recolleron comentarios acerca das comisións da EDIUS. En calquera caso, a Comisión de Calidade inclúe unha serie de recomendacións para mellor a xestión de trámites:

- As comisións académicas dos programas de doutoramento deberían extremar o coidado na revisión da documentación presentada, que posteriormente revisa a Comisión Executiva da EDIUS, para evitar demoras innecesarias nos procedementos. Así mesmo, tamén deberían aplicar con maior rigor os criterios de calidade existentes nos propios programas de doutoramento.
- Detectouse un aumento considerable das consultas á EDIUS. Deberíase facilitar unha información máis clara e precisa sobre as funcións das persoas titoras, persoas directoras, a CAPD e a EDIUS tanto ao profesorado como ás CAPD.
- Mellorar a atención en inglés, tanto na páxina web, como nos tramites presenciais e nos procedementos.
- A Área de Calidade e Mellora dos Procedementos debería incluír na páxina web os resultados das enquisas de satisfacción dos distintos grupos de interese involucrados no doutoramento.
- A Área de Calidade e Mellora dos Procedementos debería incluír na páxina web os resultados dos informes de acreditación e seguimento dos programas de doutoramento.
- A EDIUS insiste no escaso recoñecemento do traballo que os membros da CAPD veñen desenvolvendo para cumprir as funcións encomendadas. Do mesmo xeito, os informes de avaliación para cumprir co SGIC dos programas de doutoramento insisten no pouco recoñecemento das persoas coordinadoras e membros das CAPD.
- A EDIUS insiste no escaso orzamento que ten a propia Escola e, sobre todo, os programas de doutoramento para poder levar a cabo as súas actividades.

4. Fontes de información

Este informe de avaliación da calidade do doutoramento elaborouse en base á información procedente das seguintes fontes:

- Informes de avaliación da calidade dos programas de doutoramento da USC
- Indicadores da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC
- Centro de datos e procesos da USC
- Normativa de estudos de doutorado
- Actas da Comisión de Calidade da EDIUS

5. Datos de aprobación

O informe de Calidade dos Estudos de Doutoramento e dos seus programas, correspondente ao curso 2022/23, aprobouse na reunión da Comisión de Calidade da EDIUS do 30 de xullo de 2024, celebrada vía Microsoft Teams.

Anexo I: Descrición de indicadores

- **Oferta de prazas:** Número de prazas que oferta o programa de doutoramento (ID-01).
- **Demanda:** Número de solicitudes presentadas para acceder ao programa de doutoramento (ID-02).
- **Estudantes matriculados de novo ingreso:** Número de estudantes de novo ingreso no curso académico (ID-03).
- **Matrícula de novo ingreso de estudantes por xénero:** Número de estudantes de novo ingreso homes e número de estudantes de novo ingreso mulleres.
- **Porcentaxe de estudantes de novo ingreso procedentes de estudos de máster:** Relación porcentual entre o número de estudantes de novo ingreso procedentes de estudos de máster e o número de estudantes matriculados/as de novo ingreso unha vez descontado o número de estudantes de novo ingreso por adaptación (ID-07).
- **Porcentaxe de estudantes novos estranxeiros sobre os novos matriculados:** Relación porcentual entre o número de estudantes de novo ingreso con mestrados de acceso doutras universidades e o número de estudantes matriculados/as de novo ingreso unha vez descontado o número de estudantes de novo ingreso por adaptación (ID-08).
- **Porcentaxe de estudantes de novo ingreso que requiriron complementos formativos:** Relación porcentual do número de estudantes de novo ingreso que precisan complementos formativos sobre o número de estudantes matriculados/as de novo ingreso, unha vez descontado o número de estudantes de novo ingreso por adaptación (ID-13).
- **Matrícula total de estudantes:** Número de estudantes matriculados en réxime de matrícula ordinaria (ID-06).
- **Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre o total de matriculados:** Relación porcentual entre o número de estudantes de novo ingreso doutras universidades do SUG e o número de estudantes matriculados/as de novo ingreso (ID-10).
- **Porcentaxe de estudantes estranxeiros do EES:** Relación porcentual do número de estudantes estranxeiros do EEES sobre o número total de matriculados (ID-12).
- **Porcentaxe de estudantes a tempo completo:** Relación porcentual do número de estudantes a tempo completo sobre o número total de matriculados. Nota: Considéranse alumnos a tempo completo aqueles que teñan a mesma dedicación durante todo o curso académico (ID-14).
- **Porcentaxe de estudantes a tempo parcial:** Relación porcentual do número de estudantes a tempo parcial sobre o número total de persoas matriculadas. Nota: Considéranse estudantes a tempo parcial aqueles que teñen a mesma dedicación durante todo o curso académico (ID-15).
- **Porcentaxe de estudantes con dedicación mixta:** Relación porcentual do número de estudantes con dedicación mixta sobre o número total de persoas matriculadas. Nota: Considéranse estudantes con dedicación mixta aqueles que alternan entre dedicación a tempo completo e parcial durante o mesmo curso académico (ID-16).
- **Porcentaxe de estudantes que realizan estadias de investigación (saíntes) autorizadas pola CAPD:** Relación porcentual do número de estudantes que realizan estadias de investigación sobre o número de estudantes matriculados a tempo completo (ID-17).
- **Porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade (entrantes):** Relación porcentual do número de estudantes que participan en programas de mobilidade (entrantes) sobre o número de estudantes matriculados a tempo completo (ID-19).
- **Porcentaxe de estudantes con beca o contrato predoutoral (FPI, FPU, Xunta,...):** Relación porcentual do número de estudantes con bolsa ou contrato predoutoral (FPI, FPU, Xunta,...) sobre o número de estudantes matriculados a tempo completo (ID-21).
- **Profesorado que forma parte dos programas de doutoramento:** Número total do profesorado (persoas titoras) que forman parte dos programas de doutoramento.
- **Profesorado da USC que forma parte dos programas de doutoramento:** Número do profesorado (persoas titoras) pertencente ao cadro da USC que forman parte dos programas de doutoramento.
- **Cociente persoa doutoranda/profesorado dos programas de doutoramento:** Número de estudantes de doutoramento fronte o número total de profesorado que forma parte dos programas de doutoramento.

- **Número total de sexenios do profesorado da USC:** Número total de sexenios (ID-25).
- **Número medio de sexenios por PDI da USC:** Número medio de sexenios por PDI (ID-26).
- **Porcentaxe de PDI da USC con sexenios:** Relación porcentual do número de PDI con sexenios sobre o número de PDI con opción a sexenios (ID-27).
- **Porcentaxe de PDI da USC con sexenios vivos:** Relación porcentual do número de PDI con sexenios vivos sobre o número de PDI con opción a sexenios (ID-28).
- **Persoas directoras de teses:** Número.
- **Porcentaxe de persoas directoras de tese estranxeiros:** Relación porcentual do número de persoas directoras de tese estranxeiras sobre o número total de persoas directoras de tese (ID-29).
- **Porcentaxe de expertos internacionais nos tribunais de tese:** Relación porcentual do número de membros estranxeiros dos tribunais sobre o número total de membros dos tribunais (ID-30).
- **Número de publicacións indexadas no ano do profesorado USC:** Número de publicacións indexadas no ano en curso onde participa profesorado da USC dos programas de doutoramento.
- **Número de publicacións non indexadas no ano do profesorado USC:** Número de publicacións non indexadas no ano en curso onde participa profesorado da USC dos programas de doutoramento.
- **Número de proxectos internacionais vivos no ano do profesorado USC:** Número de proxectos internacionais activos no ano en curso onde participa profesorado da USC dos programas de doutoramento.
- **Número de proxectos nacionais vivos no ano do profesorado USC:** Número de proxectos nacionais activos no ano en curso onde participa profesorado da USC dos programas de doutoramento.
- **Número de proxectos autonómicos vivos no ano do profesorado USC:** Número de proxectos autonómicos activos no ano en curso onde participa profesorado da USC dos programas de doutoramento.
- **Número de teses defendidas:** Número de teses defendidas (ID-31).
- **Porcentaxe de teses defendidas a tempo completo:** Relación porcentual do número de teses realizadas a tempo completo sobre o número total de teses defendidas. (ID-32).
- **Porcentaxe de teses defendidas a tempo parcial:** Relación porcentual do número de teses realizadas a tempo parcial sobre o número total de teses defendidas (ID-33).
- **Porcentaxe de teses realizadas con dedicación mixta:** Relación porcentual do número de teses realizadas con dedicación mixta sobre o número total de teses defendidas (ID-34).
- **Número de teses presentadas en galego:** Número de teses presentadas en galego (ID-35).
- **Número de teses presentadas en castelán:** Número de teses presentadas en castelán (ID-36).
- **Número de teses presentadas noutro idioma:** Número de teses presentadas noutro idioma (ID-37).
- **Duración media dos estudos a tempo completo:** Duración media (en anos) dos estudos a tempo completo (ID-38).
- **Duración media dos estudos a tempo parcial:** Duración media (en anos) dos estudos a tempo parcial (ID-39).
- **Porcentaxe de persoas doutorandas que defenden a súa tese sen pedir prórroga:** Relación porcentual do número de estudantes que defenden a tese sen prórroga sobre o número total de teses defendidas (ID-40).
- **Porcentaxe de teses coa cualificación de *cum laude*:** Relación porcentual do número de teses que acadan a cualificación de *cum laude* sobre o número total de teses defendidas (ID-43).
- **Teses con mención internacional:** Número de teses presentadas con mención internacional. Nos indicadores preséntase como relación porcentual do número de teses con mención internacional sobre o número total de teses defendidas (ID-44) .
- **Teses con mención de doutoramento industrial:** Número de teses presentadas con mención industrial.
- **Teses en cotutela:** Número de teses presentadas con mención de cotutela.
- **Porcentaxe de abandono do programa:** Relación porcentual do número de estudantes que non se matricularon nin defenderon a tese no curso académico sobre o número total de estudantes matriculados no curso anterior, unha vez descontados o número de estudantes que defenderon a tese no curso académico e os estudantes que teñen concedida unha baixa temporal (ID-45).